



María Sieira Ríos, secretaria do Tribunal Avaliador do proceso selectivo para a constitución dunha BOLSA DE EMPREGO de AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS para atender as necesidades do Concello,

CERTIFICA: Que, por unanimidade dos membros presentes do Tribunal constituído ás 9:00 horas do día 07/02/2020, acordouse o que a continuación se transcribe literalmente recollido na "ACTA NÚMERO 4.- RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO CONTIDO DO CUESTIONARIO DA PROBA DE COÑECEMENTOS."

(...) Estudadas as referidas reclamacións polo Tribunal Avaliador, e visto o informe emitido na data 06/02/2020 polo secretario xeral do Concello de Riveira, este, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Estimar as alegacións á pregunta número 30, en base aos seguintes motivos: Esta pregunta refírese a cáles son os órganos que deben existir necesariamente en todos os municipios, dando como opcións de resposta as seguintes: a) O alcalde, o Pleno e a Xunta de Goberno Local; b) O Alcalde, o Pleno, a Xunta de Goberno Local e a Comisión Especial de Contas; c) O Alcalde, o Pleno e a Comisión Especial de Contas; d) O Alcalde, os Tenentes de Alcalde e o Pleno. E considerando o Tribunal como opción correcta a C).

A este respecto o artigo 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, dispón:

1. *La organización municipal responde a las siguientes reglas:*
 - a) **El Alcalde, los Tenientes de Alcalde y el Pleno existen en todos los ayuntamientos.**
 - b) *La Junta de Gobierno Local existe en todos los municipios con población superior a 5.000 habitantes y en los de menos, cuando así lo disponga su reglamento orgánico o así lo acuerde el Pleno de su ayuntamiento.*
 - c) *En los municipios de más de 5.000 habitantes, y los de menos que así lo disponga su reglamento orgánico o lo acuerde el Pleno, existirán, si su legislación autonómica no prevé en este ámbito otra forma organizativa, órganos que tengan por objeto el estudio, informe o consulta de los asuntos que han de ser sometidos a la decisión del Pleno, así como el seguimiento de la gestión del Alcalde, la Junta de Gobierno Local y los concejales que ostenten delegaciones, sin perjuicio de las competencias de control que corresponden al Pleno. Todos los grupos políticos integrantes de la corporación tendrán derecho a participar en dichos órganos, mediante la presencia de concejales pertenecientes a los mismos en proporción al número de Concejales que tengan en el Pleno.*
 - d) *La Comisión Especial de Sugerencias y Reclamaciones existe en los municipios señalados en el título X, y en aquellos otros en que el Pleno así lo acuerde, por el voto favorable de la mayoría absoluta del número legal de sus miembros, o así lo disponga su Reglamento orgánico.*
 - e) **La Comisión Especial de Cuentas existe en todos los municipios,** de acuerdo con la estructura prevista en el artículo 116.
2. *Las leyes de la comunidades autónomas sobre el régimen local podrán establecer una organización municipal complementaria a la prevista en el número anterior.*
3. *Los propios municipios, en los reglamentos orgánicos, podrán establecer y regular otros órganos complementarios, de conformidad con lo previsto en este artículo y en las leyes de las comunidades autónomas a las que se refiere en número anterior.*





As reclamacións efectuadas sobre esta pregunta deben ser tidas en conta porque efectivamente son válidas as respostas c) e d), polo que de acordo con disposto nas bases debe ser anulada e incorporarse á plantilla de corrección a pregunta reserva nº 2.

Segundo.- Desestimar as alegacións ás preguntas número 4, 18, 25, 28, 32, 33, 35, 40, 45, 47 e 50, en base aos seguintes motivos:

1.- En relación á **pregunta número 4**, esta refírese á situación na que non se pode suspender o dereito dos traballadores e empresarios a adoptar medidas de conflito colectivo, dando catro opcións de resposta: a) Estado de excepción; b) Estado de sitio; c) Estado de alarma; e d) En ningunha das situacións referidas poden suspenderse o dereito dos traballadores e empresarios a adoptar medidas de conflito colectivo. Entendendo o Tribunal como opción correcta a c). A pregunta pode ser facilmente respondida en atención ao disposto no artigo 55 da Constitución Española, precisamente por descarte do que dispón o referido precepto, que enumera os dereitos que poden ser suspendidos cando se acorde a declaración do estado de excepción ou de sitio. Ademais o referido artigo atópase no Capítulo V do Título I da citada Constitución, tema que se engloba no temario recollido nas bases que rexen este proceso selectivo: "*Tema 2.- Dereitos e deberes fundamentais*". **Entende polo tanto este Tribunal que non existe motivo algún para anular esta pregunta.**

2.- En relación á **pregunta número 18**, o enunciado xa se refire ao que textualmente dispón o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Este precepto enumera aqueles suxeitos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización da calquera trámite dun procedemento administrativo, entre os que se atopan, por referilo expresamente a lei, as persoas xurídicas e os notarios, que é precisamente a opción de resposta que se da como correcta. O argumento que empregan aqueles/as opositores/as que discrepan da opción dada como válida por este Tribunal, e referido ó feito de que os Notarios non sempre actúan como tal e que, polo tanto, non debería darse por correcta a opción referida a aqueles, parece froito de meras elucubracións que fan os propios opositores e que complican o enunciado da pregunta con suposicións que nada teñen que ver co que se está a preguntar. Evidentemente si un notario ou rexistrador actúa a título particular a resposta é a a), pero iso non é o que presenta o artigo 14.2, **que se refire ós rexistradores e ós notarios no exercicio da súa profesión, polo que a resposta correcta é a d)**, que engloba tanto a súa condición de persoa física como a súa condición profesional. Si o lexislador non quixera contar con esta opción simplemente non a tería incluído. Calquera outra exposición escapa ás mais elementais regras de interpretación normativa. **Entende polo tanto este Tribunal que non existe motivo algún para anular esta pregunta.**

3.- En relación á **pregunta número 25**, sucede o mesmo que en relación á pregunta 18. O enunciado está claro e ben redactado, o mesmo que as catro opcións de resposta.





Alega o/a opositor/a que presenta reclamación contra esta pregunta que a resposta correcta tamén sería a opción a), é dicir, segundo a reclamación presentada, contra un acordo adoptado por un tribunal de selección que foi nomeado por un Alcalde, cabería un recurso de reposición e un recurso de alzada. Discrepa este Tribunal do referido, xa que, como dispón o artigo 121.1 da Lei 39/2015 os Tribunais e órganos de selección do persoal ao servizo das Administracións Públicas considéranse dependentes do órgano ao que estean adscritos ou, no seu defecto, do que nomeara ao presidente dos mesmos. Si os membros dun tribunal de selección son nomeados polo Alcalde, como di o enunciado da pregunta, o órgano superior xerárquico é o alcalde, e polo tanto o recurso administrativo correcto é o de alzada, nunca o de reposición que se interpón cando o órgano que dita o acto administrativo non ten superior xerárquico. **Entende polo tanto este Tribunal que non existe motivo algún para anular esta pregunta.**

4.- En relación á **pregunta número 28**, volve a suceder o mesmo, o enunciado é claro e as opcións de resposta tamén. O/a opositor/a que presenta reclamación contra a mesma manifesta que á pregunta sobre quen leva a xestión do Padrón municipal, a opción de resposta correcta sería a “d) *Levarase polos Concellos xuntamente coas Deputacións Provinciais*”, e non a “c) *Levarase polos Concellos*”, todo elo en atención ao disposto no artigo 17 da Lei de bases de réxime local. Este precepto afirma que a xestión do Padrón municipal levarase polos Concellos con medios informáticos. Polo que a resposta á pregunta é bastante clara. Soamente existe unha excepción cando os Concellos non podan manter os datos de forma automatizada pola súa insuficiente capacidade económica, xa que neste caso a competencia da xestión a asume a Deputación Provincial, pero non conxuntamente o Concello coa Deputación. **Entende polo tanto este Tribunal que non existe motivo algún para anular esta pregunta.**

5.- A reclamación á **pregunta número 32**, está feita con descoñecemento absoluto de cá é o **sistema de fontes do Dereito Administrativo Local**, e que en sínteses debe respectar o seguinte esquema preferencial, de tal sorte que no suposto de contradición de normas aplicárase a situada en primeiro lugar respecto ás demais:

- *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

- *Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (preceptos básicos Disposición Final Sétima).*

- *Lei 5/1997, do 22 de xullo, do réxime local de Galicia (preceptos compatibles coas anteriores disposicións normativas con forza de lei).*

- *Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (preceptos que reproduzan básicos dos anteriores: STC 214/89, do 21 de decembro).*

- *Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (preceptos non básicos Disposición Final Sétima).*





- **Regulamentos Orgánicos e Ordenanzas Municipais.**
- **Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (preceptos complementarios dos anteriores: STC 214/89, do 21 de decembro).**

Esta claro que a competencia para a aprobación das bases das probas de selección do persoal nun Concello corresponde ao Alcalde, que é a opción de resposta que se da como correcta, por así dispoñelo o artigo 21,1 g) da Lei de Bases de Réxime Local. Non se pode invocar a aplicación do ROF, para xustificar unha resposta correcta que contradice frontalmente co disposto na LBRL, como tampouco se pode invocar a Lei 5/97, absolutamente obsoleta respecto ao texto consolidado da actual Lei 7/1985, ditada ao amparo do artigo 149.18 da Constitución e polo tanto, de aplicación preferente sobre todas as demais en todo aquilo que presente contradicións. **Entende polo tanto este Tribunal que non existe motivo algún para anular esta pregunta.**

6.- En relación á **pregunta número 33**, é de aplicación o argumento utilizado para responder á alegación á pregunta número 32. Esta claro que a competencia para a aprobación da plantilla de persoal corresponde ao Pleno, que é a opción de resposta que se da como correcta, por así dispoñelo o artigo 22,2 i) da Lei de Bases de Réxime Local. Non se pode invocar a aplicación do ROF, para xustificar unha resposta correcta que contradice frontalmente co disposto na LBRL, como tampouco se pode invocar a Lei 5/97, absolutamente obsoleta respecto ao texto consolidado da actual Lei 7/1985, ditada ao amparo do artigo 149.18 da Constitución e polo tanto de aplicación preferente sobre todas as demais en todo aquilo que presente contradicións. **Entende polo tanto este Tribunal que non existe motivo algún para anular esta pregunta.**

7.- En relación á **pregunta número 35**, vólvese a dicir que o enunciado está claro e a opción de resposta que se da como correcta tamén. A pregunta refírese a cales dos trámites, dos referidos nas opcións de resposta, son imprescindibles en caso dun contrato menor dos regulados no artigo 118 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, dando como válida a opción a) que di "*En todo caso: informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato, aprobación do gasto e incorporación da factura correspondente.*" Isto é xusto o que literalmente se dispón no artigo 118.1. da Lei 9/2017. É, ó contrario do que alega o/a opositor/a que reclama contra esta pregunta, isto é así en todos os casos de contratos menores. Nada ten que ver co que se pregunta o feito de que no parágrafo 2 do artigo 118 se expoñan outros requisitos para o caso dos **contratos menores de obras**, xa que a pregunta refírese aos contratos menores en xeral, e non ós contratos menores de obras. **Entende polo tanto este Tribunal que non existe motivo algún para anular esta pregunta.**

8.- En relación á **pregunta número 40**, esta refírese ao número máximo de postos de traballo de persoal eventual que podería incluír na súa plantilla o Concello de Riveira, e preténdese a súa anulación en base a que está fóra do temario especificado no ANEXO





II das bases da convocatoria, xa que no temario non hai ningunha referencia específica á normativa, regulamentos, ordenanzas ou calquera outra singularidade propio do Concello de Riveira. Entende este Tribunal que o feito de que sexa necesario saber, de xeito aproximado, cantos habitantes ten o Concello de Riveira, non é unha singularidade específica do Concello que teña que vir incluída no temario que se esixe nas bases da convocatoria para o seu coñecemento, senón que é un dato de coñecemento xeral do propio Concello, tal e como pode ser a súa ubicación, o seu nome ou a provincia galega á que pertence. **Entende polo tanto este Tribunal que non existe motivo algún para anular esta pregunta.**

9.- En relación **á pregunta número 45**, foi anulada de oficio polo Tribunal dado que segundo o artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, aplicable seguindo o sistema de fontes do Dereito Administrativo local:

1. *Los órganos colegiados de las entidades locales funcionan en régimen de sesiones ordinarias de periodicidad preestablecida y extraordinarias, que pueden ser, además, urgentes.*
2. *En todo caso, el funcionamiento del Pleno de las Corporaciones Locales se ajusta a las siguientes reglas:*
 - a) *El Pleno celebra sesión ordinaria como mínimo cada mes en los Ayuntamientos de municipios de más de 20.000 habitantes y en las Diputaciones Provinciales; cada dos meses en los Ayuntamientos de municipios de una población entre 5.001 habitantes y 20.000 habitantes; y cada tres en los municipios de hasta 5.000 habitantes. Asimismo, el Pleno celebra sesión extraordinaria cuando así lo decida el Presidente o lo solicite la cuarta parte, al menos, del número legal de miembros de la Corporación, sin que ningún concejal pueda solicitar más de tres anualmente. En este último caso, la celebración del mismo no podrá demorarse por más de quince días hábiles desde que fuera solicitada, no pudiendo incorporarse el asunto al orden del día de un Pleno ordinario o de otro extraordinario con más asuntos si no lo autorizan expresamente los solicitantes de la convocatoria.*

10.- En relación **á pregunta número 47**, dispón que a aprobación definitiva do Orzamento terá lugar (cómpre sinalar a resposta correcta): a) Se transcorridos 15 días naturais desde a publicación do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial, non se presentan reclamacións; b) Se transcorridos 15 días hábiles desde a publicación do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial, non se presentan reclamacións; c) Terá que realizarse antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio no que deba aplicarse; d) Todas as respostas anteriores son falsas. **Este Tribunal dou por válida a opción c) de resposta en base ao disposto no artigo 169.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:**

1. **Aprobado inicialmente el presupuesto general, se expondrá al público, previo anuncio en el boletín oficial de la provincia o, en su caso, de la comunidad autónoma uniprovincial, por 15 días, durante los cuales los interesados podrán examinarlos y presentar reclamaciones ante el Pleno. El presupuesto se considerará definitivamente aprobado si durante el citado plazo no se hubiesen presentado reclamaciones; en caso contrario, el Pleno dispondrá de un plazo de un mes para resolverlas.**
2. **La aprobación definitiva del presupuesto general por el Pleno de la corporación habrá de realizarse antes del día 31 de diciembre del año anterior al del ejercicio en que deba aplicarse.**





O suposto do apartado 1 deste precepto non determina a aprobación automática “sen mais” do orzamento, senón que require de trámite de “elevación a definitivo” do mesmo, sendo a resposta correcta a que ofrece o apartado 2.

11.- En relación **á pregunta número 50**, o enunciado da mesma di “A mera utilización privativa ou de aproveitamento especial do dominio público local: a) Poderá ser susceptible de gravame tan so a través da figura das taxas regulada nos artigos 20 e seguintes do R.D. Lexislativo 2/2004; b) Poderá ser susceptible de gravame tan so a través da figura das prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias; c) Poderá ser susceptible de gravame tanto a través da figura das taxas como da figura das prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias segundo o establecido no artigo 20.6 do R.D. Lexislativo 2/2004; d) Nunca é susceptible de gravame”. Dando como correcta a opción de resposta a) en aplicación do disposto no artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que dispón:

1.- Las entidades locales, en los términos previstos en esta Ley, podrán establecer tasas por la utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local, así como por la prestación de servicios públicos o la realización de actividades administrativas de competencia local que se refieran, afecten o beneficien de modo particular a los sujetos pasivos.

En todo caso, tendrán la consideración de tasas las prestaciones patrimoniales que establezcan las entidades locales por:

a) La utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local. (...).

Terceiro.- Que se publique no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Riveira e na súa páxina web oficial (www.riveira.es) a resolución das reclamacións presentadas.

Cuarto.- Revisar as cualificacións outorgadas na proba de coñecementos, quedado da seguinte maneira:

Orde	Apelidos e nome do aspirante	Puntuación
1	Agrafojo Manteiga M ^a Belén	22,2
2	Argibay Suárez Manuel	18,6
3	Becerra Pérez Natalia	18
4	Bello Vilas Elvira	Non acada a puntuación mínima
5	Bermúdez González Pilar	24
6	Bermúdez Rivera Carolina	22,2
7	Burés Miguéns Ana Rosa	22,8
8	Cabo Pérez Carmen M ^a	25,2
9	Cardalda Diz Alicia	Non acada a puntuación mínima
10	Callón González M ^a Victoria	19,8
11	Capeáns Pardo Carla	25,8
12	Castelo Riveiro Elena	18,6
13	Castro Pérez María	Non acada a

6





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

14	Cores Ces Cristina	puntuación mínima Non acada a puntuación mínima
15	Cores Ces Fernanda	Non acada a puntuación mínima
16	Cortizas Varela M ^a del Pilar	29,4
17	Crujeiras Pérez Rebeca	19,2
18	Dacosta Argibay M ^a José	18
19	Dios Martínez M ^a Dominga	Non acada a puntuación mínima
20	Diéguez Leal Ana	20,4
21	Doval Rivademar Yesica	Non acada a puntuación mínima
22	Fernández Copa José Alberto	26,4
23	Fernández García Manuel	Non acada a puntuación mínima
24	Fernández González Ana	Non acada a puntuación mínima
25	Fernández Gude Elena M ^a	Non acada a puntuación mínima
26	Fernández Mos Raquel	Non acada a puntuación mínima
27	Fernández Sánchez Raquel	Non acada a puntuación mínima
28	Fontaiña Rey Natalia	22,8
29	García García Loreto	24,6
30	González Fernández Salomé	Non acada a puntuación mínima
31	González González Verónica	23,4
32	González Martínez María	24
33	González Vecín Beatriz	25,8
34	Guitián Fernández Ramón	25,2
35	Lojo Formoso Manuel Jesús	25,8
36	López Pereira Lucía	19,8
37	López Pérez M ^a Natalia	21
38	Martínez Abastida Eva M ^a	23,4
39	Martínez Chouza Lorena	Non acada a puntuación mínima
40	Melón Resua Francisco Javier	22,8
41	Millet Millet Alba	Non acada a puntuación mínima
42	Neira Cortizas Carlos	23,4
43	Novoa del Valle Andrea	23,4
44	Novo Gómez Alejandra	18,6
45	Olveira Arcos María	27
46	Orellán Fernández Anxo	19,2
47	Orellán Fernández Minia	26,4
48	Oviedo Batalla María	23,4
49	Padín Torres José	28,2
50	Parga Gómez María	Non acada a puntuación mínima
51	Pazos Cutrín Marta M ^a	23,4
52	Pego Sampedro M ^a Dolores	18,6
53	Pérez Corgos M ^a Susana	26,4
54	Pérez Davila Margarita	Non acada a

7



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40007094400G9Y0F9W1A1T1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 10/02/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/02/2020 13:45:08

DOCUMENTO: 20200461124

Fecha: 10/02/2020

Hora: 13:42





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

55	Piñeiro Outeiral Rubén	puntuación mínima Non acada a puntuación mínima
56	Rodríguez Comedeiro M ^a Montserrat	22,8
57	Rodríguez Lago Jesús	Non acada a puntuación mínima
58	Romero Miguéns Rosa M ^a	Non acada a puntuación mínima
59	Rosende Otero M ^a Jesús	21,6
60	Ruiz Bermo Ana	27,6
61	Sampedro Rego Sandra M ^a	27,6
62	Santiago Cadaval M ^a del Carmen	21,6
63	Sayáns Otero Yovana	20,4
64	Seoane Estévez Rebeca	Non acada a puntuación mínima
65	Silva Seoane Cayetana	24,6
66	Tarrío Muñiz M ^a Teresa	25,2
67	Torres Losada Ana	Non acada a puntuación mínima
68	Ucha Omil Verónica	19,8
69	Varela Crujeiras Sonia M ^a	25,2
70	Ventoso Pouso M ^a Dolores	24
71	Vidal Argibay Eva	Non acada a puntuación mínima
72	Vigo Rial Olimpico	Non acada a puntuación mínima

Quinto.- Declarar **EXENTOS/AS** da realización do segundo exercicio da fase de oposición (**proba de coñecemento da lingua galega**), aos aspirantes Manuel Jesús Lojo Formoso e Cayetana Silva Seoane, que estaban convocados para a súa realización o día 30/01/2020, ao ter acreditado con anterioridade á data da celebración do exercicio estar en posesión do CELGA 3, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

Sexto.- De conformidade co referido a **CUALIFICACIÓN TOTAL FINAL** dos/as aspirantes que superaron as probas deste proceso selectivo quedaría tal e como se dispón a continuación:

Orde	Aspirante	Concurso Méritos	Proba coñecementos	Proba lingua galega	Puntuación total
1º	Agrafojo Manteiga M ^a Belén	8,9	22,2	EXENTA	31,1
2º	Argibay Suárez Manuel	0,5	18,6	EXENTO	19,1
3º	Becerra Pérez Natalia	7,25	18	EXENTA	25,25
4º	Bermúdez González Pilar	7,5	24	EXENTA	31,5
5º	Bermúdez Rivera Carolina	6,35	22,2	EXENTA	28,55
6º	Burés Miguéns Ana Rosa	7,41	22,8	EXENTA	30,21
7º	Cabo Pérez Carmen M ^a	1,8	25,2	EXENTA	27
8º	Callón González M ^a Victoria	1,5	19,8	EXENTA	21,3
9º	Capeáns Pardo Carla	1,9	25,8	EXENTA	27,7
10º	Castelo Riveiro Elena	5,45	18,6	EXENTA	24,05
11º	Cortizas Varela M ^a del Pilar	2,81	29,4	EXENTA	32,21





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

12º	Crujeiras Pérez Rebeca	5,5	19,2	EXENTA	24,7
13º	Dacosta Argibay Mª José	8,5	18	EXENTA	26,5
14º	Diéguez Leal Ana	1	20,4	EXENTA	21,4
15º	Fernández Copa José Alberto	8,45	26,4	EXENTO	34,85
16º	Fontaña Rey Natalia	2,06	22,8	EXENTA	24,86
17º	García García Loreto	4,24	24,6	EXENTA	28,84
18º	González González Verónica	6	23,4	EXENTA	29,4
19º	González Martínez María	4,29	24	EXENTA	28,29
20º	González Vecín Beatriz	9	25,8	EXENTA	34,8
21º	Guitián Fernández Ramón	7,7	25,2	EXENTO	32,9
22º	Lojo Formoso Manuel Jesús	9,5	25,8	EXENTO	35,3
23º	López Pereira Lucía	1,6	19,8	EXENTA	21,4
24º	López Pérez Mª Natalia	6,5	21	EXENTA	27,5
25º	Martínez Abastida Eva Mª	1,2	23,4	EXENTA	24,6
26º	Melón Resua Francisco Javier	6,7	22,8	EXENTO	29,5
27º	Neira Cortizas Carlos	2,1	23,4	EXENTO	25,5
28º	Novoa del Valle Andrea	3,1	23,4	EXENTA	26,5
29º	Novo Gómez Alejandra	1,7	18,6	EXENTA	20,3
30º	Olveira Arcos María	3,04	27	EXENTA	30,04
31º	Orellán Fernández Anxo	1,5	19,2	EXENTO	20,7
32º	Orellán Fernández Minia	1	26,4	EXENTA	27,4
33º	Oviedo Batalla María	5,76	23,4	EXENTA	29,16
34º	Padín Torres José	6,7	28,2	EXENTO	34,9
35º	Pazos Cutrín Marta Mª	8,1	23,4	EXENTA	31,5
36º	Pego Sampedro Mª Dolores	6,5	18,6	EXENTA	25,1
37º	Pérez Corgos Mª Susana	6	26,4	EXENTA	32,4
38º	Rodríguez Comedeiro Mª Montserrat	1,85	22,8	EXENTA	24,65
39º	Rosende Otero Mª Jesús	10	21,6	EXENTA	31,6
40º	Ruiz Bermo Ana	1	27,6	EXENTA	28,6
41º	Sampedro Rego Sandra Mª	7,25	27,6	EXENTA	34,85
42º	Santiago Cadaval Mª del Carmen	7,4	21,6	EXENTA	29
43º	Sayáns Otero Yovana	1	20,4	EXENTA	21,4
44º	Silva Seoane Cayetana	1	24,6	EXENTA	25,6
45º	Tarrío Muñiz Mª Teresa	8,75	25,2	EXENTA	33,95
46º	Ucha Omil Verónica	1	19,8	EXENTA	20,8
47º	Varela Crujeiras Sonia Mª	2,64	25,2	EXENTA	27,84
48º	Ventoso Pouso Mª Dolores	5,7	24	EXENTA	29,7

Sétimo.- Advertido empate na puntuación final das aspirantes Ana Dieguez Leal e Yovana Sayáns Otero, sen que poida dirimirse cos criterios a ter en conta no caso de empate que se especifican na Base 9ª das que rexen este proceso selectivo, ao persistir o empate por ter a mesma puntuación en todos os apartados, procederá a celebrar **SORTEO PÚBLICO** ante o Tribunal Avaliador o día **13 de febreiro de 2020, ás 11:00 horas** nas oficinas de secretaría do Concello de Riveira, do que se levantará a correspondente Acta, de conformidade coa Base 9ª antes citada.

De acordo co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra os acordos do tribunal cualificador cabe interpor recurso de alzada perante o Sr. Alcalde-Presidente, como órgano que nomea ao presidente do





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

tribunal, sen prexuízo de calquera outro que se estime conveniente. O prazo será dun mes a partir do día seguinte ó da publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Riveira, sito na Praza do Concello, nº 1.

E para que conste, expido a presente certificación por orde do Presidente do Tribunal Avaliador, en Riveira, á data da sinatura dixital que consta ao pe deste documento.



FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 10/02/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/02/2020 13:45:08

DOCUMENTO: 20200461124

Fecha: 10/02/2020
Hora: 13:42

